

Webinar para coñecer o novo Bono Social Dixital e as últimas novidades de HSUE. Martes 8 de novembro.

Convócase unha sesión de formación online para difundir como xestionar o Bono Social Dixital con HSUE e coñecer as novidades introducidas na recente versión 1.37 publicada de HSUE.

O evento centrarase principalmente en como facer a solicitude telemática dende HSUE do novo procedemento [AP400A - Bonos dixitais para a conectividade de colectivos vulnerables](#).

Adicionalmente daranse a coñecer e amosaranse novidades incorporadas a HSUE nas últimas versións, como a posibilidade a achegar directamente xunto cunha solicitude documentación dos anexos á hora de facer a presentación telemática.

Data: martes 8 de novembro de 2022

Horario: de 11:00 a 12:30 h

Inscripción en: <https://xunta.webex.com/xunta/j.php?RGID=r2e205822921ff55492641424323f0fc6>

INSTRUCCIÓNS PARA A CONEXIÓN

A ligazón anterior levaralle á seguinte pantalla:



The image shows a registration page for a webinar. The page has a dark background with blue accents. In the top left, there is the 'webex by CISCO' logo. In the top right, it says 'Español de España'. The main title is 'Webinar sobre AP400A e novidades de HSUE'. Below the title, the date and time are listed: 'martes, 8 de noviembre de 2022 11:00 - 12:30 (UTC+02:00) Bruselas, Copenhague, Madrid, París'. The organizer is 'Oficina Téc. Política Social'. On the right side, there is a white box with the text 'Registrarse para un seminario web' and a 'Registrarse' button. The background features blue spotlights.

Prema en [Registrarse](#). Ofrecerase un formulario no que deberá introducir os seus datos (nome e apelidos, concello...) e premer en [Registrarse](#) ao rematar.

[×](#)

Registrarse para un seminario web

Complete este formulario para registrarse para el seminario web. La información señalada con un asterisco (*) es obligatoria.


***Nombre**

***Correo electrónico**

***Concello/Entidade**

[Registrarse](#)

Recibirá no enderezo de correo que indicara un email semellante ao que se amosa a continuación cunha ligazón para conectarse ao evento online.



Se ha aprobado su registro para este seminario web de Webex.

martes, 8 de noviembre de 2022
11:00 | (UTC+02:00) Bruselas, Copenhague, Madrid, París | 1 Hora 30 mins.

Añadir al calendario [Google](#) · [O365](#)



[Unirse al seminario web](#)

Más formas de unirse:

Unirse desde el enlace del seminario web
<https://xunta.webex.com/xunta/j.php?MTID=m475730dace1ed8ba95fe21e60a570ed9>

Unirse mediante número del seminario web
Número de seminario web (código de acceso): 2732 940 6029
Contraseña del seminario web: HSUE(4783 desde teléfonos)

Recupere o email o día do evento para acceder ao webinar. Prema no botón [Unirse al seminario web](#) para participar.

Por defecto, todas as persoas participantes acceden á sala virtual co micro e a cámara **desactivados**. Unicamente poderá ver e escoitar á mesa de panelistas ou presentadores do evento. No caso de querer intervir pida a palabra escribindo no **Chat** ou ben premendo en **Participantes** no botón  que hai ao carón do seu nome para "levantar a man". A administración do evento activaralle o micro para que poda participar. Ao rematar de falar lembre premer en "baixar a man" para  que conste que deixa de solicitar a palabra,

REQUIRIMENTOS TÉCNICOS:

- Cascos e micro (non é necesaria cámara web), aínda que non son imprescindibles os cascos, pero si recomendables. Os altofalantes do ordenador tamén servirán para esta fin. Os equipos portátiles adoitan a traer micro e altofalantes incorporados, non así os ordenadores de sobremesa. Por favor, lembre comprobar se o seu equipo dispón deles, así como verificar o seu funcionamento.
- Acceso a HSUE mediante certificado dixital/tarxeta empregado público. Se aínda non está de alta en HSUE, tente acceder co seu certificado electrónico a <https://hsue.xunta.gal/> (prema o botón "Identificarse co certificado") para que o soporte técnico de HSUE poida xestionar a súa alta. Non poderá acceder á aplicación ata que dende Soporte se lle habiliten os permisos necesarios. Facer este intento de acceso é imprescindible para recoller os datos do certificado e poderlle dar de alta.
- O día do evento online recoméndase tentar acceder 15 minutos antes por se houbera algún problema. Calquera incidencia, por favor, contacte co soporte técnico de HSUE, e proporciónelle o seu teléfono e datos: soporte-hsu.benestar@xunta.gal